


galicia

mércores 19 xuño
ás 20:00 h
Liceo de Ourense
Ourense

visións sonoras

con José Antonio Lamas
(neurocientífico)

máis información:
cultura.xunta.es
vertixesonora.net



Do Audible

música en diálogo
coa arte,
coa ciencia
e co pensamento
contemporáneos

vertixe sonora
ensemble

XUNTA
DE GALICIA

visións sonoras

mércores 19 xuño, ás 20.00 h, no Liceo de Ourense (OURENSE)

Visións sonoras, Emilio Ledo introduce José Antonio Lamas, profesor de Neurociencia da Universidade de Vigo

Pierre Jodlowsky (FRANCIA, 1971)
TIME&MONEY (2006) percusión, vídeo, electrónica
vídeo, Vincent Meyer

Pedro García Velásquez (COLOMBIA, 1984)
Plip (2012) para flauta, saxofón, violín e vídeo
vídeo, Luís Nieto

VERTIXE SONORA ENSEMBLE
Iago Lariño flauta/ Pablo Coello saxofón/ Jorge Montes violín/ Diego Ventoso percusión/
Ángel Faraldo electrónica e difusión multimedia

A nosa experiencia perceptiva está caracterizada pola omnipresenza de produtos audiovisuais nos que conviven –intimamente relacionadas– as imaxes da cultura e a producción sonora. Discutiremos a posible orixe desta mediación coa colaboración do profesor José Antonio Lamas, do Departamento de Neurociencia da Universidade de Vigo, que nos falará da sinestesia, tema de investigación que atopa un interese renovado grazas ao crecemento da experimentación audiovisual e á converxencia dos medios tradicionais na era dixital, así como das novas contornas multimedia influidas polas prácticas artísticas e as estratexias de mercado. Faremos tamén un percorrido a través da historia da arte analizando paradigmas, modos de cohabitación e simbiose, vinculacións e translación de códigos comúns que comparten ambas as disciplinas; procuraremos, en definitiva, os límites entre a música e as artes visuais, as ciencias e as humanidades ou a teoría e a práctica da arte, mostrando exemplos de intertextualidade e explicando diferentes extensións dos sons vistos e das cores oídas a través dos séculos.

AS OBRAS

TIME&MONEY

"Esta peza foi composta xusto ao remate de Xente-Tempo, unha peza de cámara comisionada polo Festival de Donaueschingen no 2003. Comparte a mesma interrogación acerca da relación da nosa sociedade co tempo e co dinheiro.

A peza comeza cunha secuencia nun cubo de madeira que simboliza un obxecto rudimentario que contrasta coas tecnoloxías (captura do movemento, video en tempo real). A música repite ciclos de patróns ritmicos modificados pola presenza de sons da radio e de películas (principalmente diálogos) nunha segunda capa de percepción na audiencia, sons que activan memorias colectivas. A música vai acelerándose, do mesmo xeito que o fan as nosas vidas, nas que tanto medo temos a perder tempo... O video de Vincent Meyer actúa como unha presenza obsesionante e crea unha metáfora da deriva que actúa como contrapunto visual da temática do proxecto".

Pierre Jodlowsky

PLIP
Composta por Pedro García Velásquez e coa colaboración do cineasta Luís Nieto, está inspirada nun dos novos libros da área de Jorge Luis Borges, Utopía de un hombre que está cansado, triste bosquexo dunha sociedade alternativa. Esta primeira versión de Plip que escotaremos hoxe para tres instrumentos acústicos, electrónica e instalación de video senta as bases para un lugar fantástico, onde a percepción e a memoria do espectador están constantemente postas en dúbida: que é o que realmente vimos e escotamos? É soamente iso o que resulta importante determinar? Como escribiu Borges: «Ninguén está xa interesado nos feitos. Son meros puntos de partida para a invención e o traballo da mente».

Pedro Álvarez

OS COMPOSITORES

Pierre Jodlowsky

Toulouse, 1979.

Despois de estudar música no Conservatorio de Lyon e composición e música por computador no IRCAM (Instituto de Investigación e Coordinación Acústico-Musical, París), Pierre Jodlowsky fundou o colectivo Eole e o festival Novelum en Toulouse. Como compositor, actúa en festivais internacionais non só dedicados á música contemporánea, senón tamén en circuitos paralelos de danza, teatro, artes visuais e da escena da música electrónica.

As súas actividades despréganse hoxe en día en moitas árees e, nos arredores do seu universo musical, traballa a imaxe, a programación interactiva e a posta en escena. Esencialmente, busca cuestionar as relacións dinámicas dos espazos de actuación. Reivindica a práctica da música "activa" tanto na súa dimensión física (xestos, enerxía, espazo) coma psicolóxica (evocación, memoria, dimensión cinematográfica). Pierre Jodlowsky recibe encomendas do IRCAM, do Ensemble Intercontemporain, do Ministerio de Cultura de Francia, do Centro Nacional de Creación Musical de Niza (CIRM), do Festival de Donaueschingen (Alemaña), de Radio France e do Concurso Internacional de Piano de Orléans. Gañador de varios concursos internacionais, coma o Premio Claude Arrieu da SACEM (Sociedade de Autores, Compositores e Editores de Música, Francia) en 2002, tamén foi residente na Academia de Artes de Berlín en 2003 e 2004. As súas obras foron interpretadas nos principais lugares dedicados á arte sonora contemporánea en Europa, en Canadá, na China, en Taiwan e nos Estados Unidos.

Pedro García Velásquez

Nacido en 1984, o compositor colombiano Pedro García Velásquez estudiou inicialmente violín. Á idade de 17 anos, decidiu dedicarse á composición e comezou a traballar onda Harold Vásquez-Castañeda na Universidade Pontificia Javeriana (Bogotá), onde obtivo unha licenciatura en Música.

Tras recibir a súa licenciatura, estudiou con Jean-Luc Hervé en Boulogne-Billancourt (Francia). A continuación, en 2008, entrou no Conservatorio Nacional Superior de Música e de Danza de París, onde está a rematar os seus estudos de composición con Frédéric Durieux. Tamén no conservatorio estudiou Análise Musical con Claude Ledoux, Orquestración con Yan Maresz e Electrónica con Luis Naon, Tom Mays, Yann Geslin, Karim Haddad e Yan Maresz. Na busca dun novo concepto para a presentación da música contemporánea, creou o conxunto Le Balcon, xunto con Alphonse Cemini, Maxime Pascal, Juan-Pablo Carreño e Florent Dereux.

Actualmente, Le Balcon é residente na parisense Fundación Singer-Polignac.

OS RELATORES

OS RELATORES

José Antonio Lamas

Abelenda, A Coruña, 1964.

É un destacado divulgador científico do ámbito da Neurociencia como organizador, investigador, conferenciante e escritor. Coordina o mestrado e o doutoramento de Neurociencia na Universidade de Vigo desde a súa creación e participou na comisión para a creación do Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO) da Universidade de Vigo. É membro da Federation of European Neuroscience Societies (FENS), da Sociedade Española de Neurociencias (SENC) e da Society for Neuroscience (SfN). E tamén do Comité de Ética e Benestar Animal (CEBA) e do comité organizador e científico das Xornadas para Mozos Investigadores en Neurociencia (Santiago de Compostela). O seu traballo investigador foi galardoado co Premio Kabi Pharmacia 1992 e co Primeiro Premio Serono (VII) da Sociedade Española de Endocrinoloxía. Colabora habitualmente coas revistas Journal of Physiology, Neuropharmacology e Neuroscience.

Emilio Ledo

Barro, Pontevedra, 1974.

Comeza os seus estudos musicais da man de seu pai. Estuda piano e oboe, más tarde composición con Joam Trillo, quen esperta o seu interese pola análise e, finalmente, pola musicoloxía. Interesado pola interpretación, dirixiu, entre outras agrupacións, o coro de cámara A Laranxa, así como a Nova Orquestra Juan Crisóstomo Arriaga de Majadahonda. As súas liñas de investigación musicolóxica céntranse na historia da harmonía, na relación da análise coa interpretación e nas correspondencias entre a música e as demais artes. Publicou artigos en diversas revistas especializadas –Relafare, Cuatro42, Diapente e Sul Ponticello-. Deu conferencias de reflexión sobre a escuta e o achegamento á música contemporánea no CGAC de Santiago de Compostela, na galería de arte Liliput e no Conservatorio Superior de Música de Vigo. No ano 2012, publicou na editorial Dos Acordes o libro Análisis musical y guía para la interpretación. Partita para flauta sola BWV 1013 de J. S. Bach. Sonata para flauta sola de C. Ph. E. Bach. Colabora regularmente coa Fundación Arriaga, a ESMAE do Porto e a Vertixe Sonora Ensemble, e imparte cursos sobre interpretación en distintos conservatorios de Galicia. Actualmente, é profesor de Historia da Música e Análise, no Conservatorio Manuel Quiroga de Pontevedra.

VERTIXE SONORA

É un colectivo flexible que integra destacados solistas de música contemporánea de Galicia e de Portugal, Vertixe Sonora Ensemble está formado por artistas sonoros, artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente do teatro e da danza.

A partir dunha conciencia da multiplicidade no achegamento ao sonoro, establece un constante diálogo e interacción co pensamento, coa ciencia, coa tecnoloxía e con outras formas artísticas desde unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural, para favorecer un espazo aberto á reflexión, á discusión e ao intercambio no campo da música contemporánea, que non renuncia nin ao rigor, nin á transgresión, nin ao espírito de vanguarda.

Integra o Instituto Galego de Sonoloxía, unha plataforma para a investigación e a experimentación do son con novos medios e para a creación de tecnoloxía racional do futuro.

Desde a súa aparición, converteuse nun referente para a última xeración internacional de compositores do noso continente que atopa nas súas producións a oportunidade de desenvolver propostas musicais cunha perspectiva artística global e en permanente procura da excelencia artística.

Vertixe Sonora Ensemble é colaborador habitual do Centro Galego de Arte Contemporánea (Santiago de Compostela), onde desenvolve o Ciclo Música e Arte: Correspondencias Sonoras, os Talleres de Creación Dixital do Instituto Galego de Sonoloxía (IGS) e Causal, Encontro Internacional de Música Contemporánea.

Tamén organiza sonUTopias, dentro do campuSCulturae da Universidade de Santiago de Compostela, e o festival Vertixe Sonora Vigo na cidade da oliveira.